

## O tratamento dos préstamos na norma léxica do galego<sup>1</sup>

Xusto A. Rodríguez Ríó  
*Universidade de Santiago de Compostela*

### RESUMO

Este artigo pretende determinar cales son as liñas xerais que orientan o tratamento que os préstamos reciben nos traballos lexicográficos galegos dotados de autoridade normativa: o *Vocabulario ortográfico da lingua galega* e o *Diccionario da Real Academia Galega*.

Centrarémonos sobre todo nas unidades chegadas ó galego en épocas recentes (aínda que non estrictamente neolóxicas), e realizaremos unha análise que intente responder a tres preguntas:

- ¿En qué casos se vai aceptar a integración dun préstamo no estándar léxico galego e en qué casos se vai rexeitar?
- ¿Cales son as razóns que levan a empregar un dos dous procedementos básicos de integración (a importación ou a substitución) cun préstamo concreto, e cales os mecanismos por medio dos que se naturaliza un préstamo?
- ¿De que maneira se representan os préstamos no diccionario normativo galego?

**Palabras clave:** planificación do léxico, préstamo lingüístico, *Vocabulario ortográfico da lingua galega*, *Diccionario da Real Academia Galega*.

### ABSTRACT

This article aims to determine which are the general lines that orient the processing that loans receive in the Galician lexicographical works with normative authority: the *Vocabulario ortográfico da lingua galega* and the *Diccionario da Real Academia Galega*.

Data de aceptación: Maio de 1998

1 Este traballo é unha reelaboración do relatorio "O tratamento dos préstamos nos dicionarios galegos actuais", presentado nas Xornadas sobre Neoloxía, organizadas polo Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo en marzo de 1998.

We will mainly be focushed in the units recently arrived into Galician language (although not strictly neologisms), and will make an analysis that tries to answer three questions:

In which cases those are going to be accepted and integrated as a loan in the Galician lexical standard and in which cases will be rejected?

Which are the reasons why one of the two basic integrating proceeding (importation and substitution) is used with a concrete loan, and which are the mechanisms that appear in a loan naturalization?

How loans are represented in the normative Galician dictionary?

**Key words:** lexical planning, linguistic borrowing, *Vocabulario ortográfico da lingua galega*, *Diccionario da Real Academia Galega*.

## 0. INTRODUCCIÓN

A pesar de que para moitas investigacións se traballe co suposto de que as linguas son estruturas homoxéneas e sen ningunha conexión coas veciñas, a realidade dos feitos contradí este ideal operativo, pois nin no pasado, nin moito menos no presente, son posibles sociedades totalmente autárquicas. Do grao de contacto máis ou menos intenso que sempre existe entre os pobos vaise derivar unha transferencia de hábitos, de produtos, de valores, etc., que afectará a aspectos moi diversos da sociedade que os recibe. Na lingua, como medio de relación por excelencia que é, van quedar as pegadas destes transvases.

A pesar de que o estudio das consecuencias lingüísticas destes contactos ten séculos de tradición, dá a impresión de que nos últimos 50 anos se está intensificando. Isto non é máis cá resposta lóxica ó proceso de internacionalización e uniformización que se vive ó longo deste século, como consecuencia dos avances da técnica e a ciencia, e da aparición e extensión dos medios de comunicación de masas, sobre todo das telecomunicacións. A suma dos dous fenómenos revolucionou a vida cotiá ó facilitar o acceso de amplos grupos sociais a un inmenso volume de información, e a difusión e a extensión case inmediata das novidades científicas e tecnolóxicas.

O que acabamos de dicir, unido á preponderancia que o modo de vida anglosaxón (sobre todo o angloamericano) vén exercendo desde o final da 2ª Guerra Mundial, está provocando que, ademais de aumentar en número, as investigacións sobre os préstamos lingüísticos estean sufrindo unha reorientación e mudando o seu enfoque. Mentres que ata hai poucos anos a liña de traballo máis común analizaba a orixe de trazos ou unidades chegadas á lingua en etapas históricas anteriores, desde finais dos 60 estéselle prestando cada vez máis atención a procesos de transferencia que ocorren no momento presente dun idioma, o que integra estes estudos dentro do terreo da neoloxía. Igualmente, é cada vez máis frecuente que a perspectiva de análise puramente descritiva se complete con outra máis valorativa, que recomenda ou desaconsella o uso de certas unidades. Deste xeito, establécese unha conexión entre as investiga-

cións sobre o préstamo e a planificación lingüística, que foi posta de relevo por Boulanger (1989).

En efecto, nunha sociedade en que continuamente estamos recibindo información e produtos novos, e na que o inglés é o medio de transmisión habitual deste inmenso fluxo, as linguas do noso arredor están empezando a tomar medidas para controlar o acceso de unidades alleas e preservar a súa propia capacidade creadora. Evidentemente, o grao de restricción que delas se deriva é moi distinto segundo a situación obxectiva de cada idioma, pero sobre todo segundo a impresión subxectiva que as elites con poder teñan de tal situación, e do perigo que supoñen as formas emprastadas. Nas linguas do noso arredor as primeiras medidas de control adoitan aplicarse nas variedades especializadas ou semiespecializadas<sup>2</sup>, pois debido ás súas propias características (alto grao de formalización, difusión limitada...) é a través delas por onde a maioría dos préstamos penetran nunha lingua.

Con este traballo pretendemos determinar cales son as restriccións que o galego aplica, no proceso de configuración da súa norma léxica, sobre as unidades estranxeiras que está a recibir no presente; pero como os traballos que se están realizando sobre o léxico especializado de momento non pasan de ser propostas persoais con escasa autoridade<sup>3</sup>, centrarémonos na análise do que acontece en repertorios léxicos non especializados.

## 1. OS PRÉSTAMOS

Aínda que esta denominación pode remitir a conceptos distintos, segundo os autores ou a tipoloxía dentro da que se empregue, na maioría dos casos designa as unidades ou trazos lingüísticos que unha lingua *x* posúe debido á influencia que outra lingua *y* exerce sobre ela<sup>4</sup>.

O alcance teórico desta definición abrangue desde a fonética ata a sintaxe, pero no seu desenvolvemento práctico o estudo sobre os préstamos adoita centrarse sobre todo en unidades sígnicas (morfemas e palabras) deixando de lado a vertente fonolóxica, e prestando unha atención secundaria á sintaxe<sup>5</sup>.

Os obxectivos indicados con anterioridade para este traballo xustifican que nos acollamos a esta visión restrinxida (ou limitada, se se quere) do fenómeno e focalicemos a análise sobre a vertente léxica da cuestión, pero sen esquecer as súas implicacións fonéticas, morfolóxicas ou semánticas. Para eso, tomaremos como base a liña de tipoloxías que estudiosos

2 Vid. por exemplo Alves (1996b) para o portugués do Brasil, Gutiérrez Rodilla (1995) para o castelán, Termcat (1990) para o catalán, ou Depecker (1995) para o francés.

3 Máis adiante veremos a importancia que o criterio "autoridade" ten na configuración da norma léxica galega.

4 Un sentido distinto desta denominación pode verse, por exemplo en Alcáraz Varó e Martínez Linares (1997: 37)

5 Unha das tipoloxías máis exhaustivas que coñecemos, que recolle préstamos desde o morfema ata a cláusula, é a de Kiesler (1993: 509), que modifica e reelabora a de Duckworth (1977). (Elaboración e exemplos propios partindo do esquema do autor).

como Deroy (1956: 215-234), Pergnier (1989: 23-28), Cabré (1992: 174-177) ou Clavería e Torruela (1993: 335-339), reelaboraron a partir dos traballos de Haugen (1950: 212-213).

Este autor parte da distinción entre dous grandes procesos: a “importación” de elementos doutra lingua e a “substitución” de elementos alleos por outros da propio idioma. A seguir, establece a súa tipoloxía atendendo á existencia ou non de importación de morfemas, o que lle permitirá distinguir entre “loanwords” (ex. **copyright, hándicap, underground, búmeran, estándar, fútbol**...), que presentan importación morfémica sen substitución; “loanshifts” (ex. **arcobotante, barra** —de bar—, **canle** —de televisión—, **fin de semana, rañaceos**...), que presentan substitución sen importación; e “loanblends” (**mánager xeral, voz en off, reporteiro, xarreteira**...), unidades complexas (frases ou palabras) que integran un compoñente por importación e outro por substitución.

Baseándose nesta análise, os autores arriba mencioandos optan por unha clasificación bimembre, que recolle os dous grupos fundamentais de Haugen (“loanwords” e “loanshifts”). Tendo en conta que, como apunta Kiesler (1993: 520-22) non hai unha denominación uniforme para estes conceptos, neste traballo imos optar por etiquetas que, na medida do posible, sexan transparentes e destaquen os trazos relevantes de cada grupo, pero mantendo tamén aquelas que teñan un uso moi estendido.

1. PRÉSTAMOS POR IMPORTACIÓN MORFOLÓXICA. Son unidades que se asentan nunha lingua mantendo inalterado ou con escasas modificacións o significante e o significado que tiñan no idioma do que proceden.  
Segundo o grao de mantemento do significante subdivídense en:
  - *estranxeirismos*. Conservan íntegro o significante escrito e imitan na medida do posible a pronuncia orixinal do préstamo.  
**copyright, coulomb, maharajah, rock and roll, underground, zoom**...
  - *adaptacións*. Acomodan grafía e pronuncia ás pautas da lingua que os acolle.  
**bulevar** (francés *boulevard*), **búmeran** (inglés *boomerang*), **fútbol** (inglés *football*), **lasaña** (italiano *lasagna*)...
2. PRÉSTAMOS POR SUBSTITUCIÓN MORFOLÓXICA (OU CALCOS). Son unidades que copian un proceso denominativo empregado noutra idioma recorrendo a significantes que xa existían na lingua de chegada.

PRÉSTAMO

IMPORTACIÓN	préstamo de afixo		-í (xii); -arra ( <i>donostiarra</i> )
	préstamo de palabra	estranxeirismo	<i>hippie; savoir faire</i>
SUBSTITUCIÓN PARCIAL	préstamo léxico		<i>fútbol; neceser</i>
	préstamo híbrido		
SUBSTITUCIÓN	calco	traducción prestada	tr. literal <i>rañaceos; entrada libre</i>
			tr. libre <i>fuga de cerebros</i>
	creación prestada		<i>sentada, fútema</i>
IMPORT. DE ESQUEMAS SINTAGMÁTICOS	préstamo semántico		<i>rato; servidor (informática)</i>
	préstamo de modelos da form. de palabras		<i>embarcación a motor; cantidade a entregar</i>
	préstamo sintáctico		<i>caixa contendo libros</i>

Novamente, poden distinguirse dous subgrupos:

- *calcos de significado* (ou *semánticos*). Recorren a un significante que xa estaba funcionando na lingua asociado a outro significado.

**rato** (ing. *mouse*) –informática–, **abertura** (fr. *ouverture*), –música–, **campo** (ing. *field*) –informática–...

- *calcos de esquema* (ou *léxicos*). Partindo de dúas ou máis unidades preexistentes, crean unha combinación inédita que imita outra semellante doutra lingua.

**arcobotante** (fr. *arc-boutant*), **augaforte** (it. *acqua forte*), **pasodobre** (cast. *paso-doble*), **baloncesto** (ing. *basketball*)...

## 2. A NORMA LÉXICA GALEGA

Desde hai moitos anos, polo menos desde Jespersen (1925) sabemos que a norma lingüística non é unidimensional, senón o resultado da selección particular que os falantes fan entre unha serie de modelos de lingua (o dos organismos académicos, o dos autores clásicos, o maioritario na fala...) dos que toman determinados aspectos para distintas situacións comunicativas. Polo tanto, a concepción que eses falantes teñan da súa lingua vai condicionar as características e a fisionomía da norma pola que opten, e esta, pola súa vez, a do estándar que dela se derive.

No caso do galego, os usuarios parten, na nosa opinión, de tres conviccións:

1. O galego non é unicamente un sistema de comunicación, senón que ten un papel esencial en canto manifestación externa da personalidade propia de Galicia<sup>6</sup>.
2. O galego vive unha situación de dependencia con respecto ó castelán. As relacións deste tipo, que Aracil (1983) denominou de “interposición”<sup>7</sup>, poden provocar, de non tomarmos medidas, a extinción da lingua dependente ou a súa dialectalización no seo do idioma que se superpón.
3. O galego non ten aínda unha tradición moi asentada como lingua escrita, sobre todo en certos dominios, o que provoca vacilacións formais.

Os dous primeiros trazos xustifican a elaboración dunha norma e un estándar que garantan a continuidade da lingua e faciliten o seu desenvolvemento propio fóra da tutela do cas-

6 En Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira (1996: 356-361) indícase que o 76,8 % dos galegos opinan que “se se deixase de fala-lo galego, a cultura e a identidade de Galicia perderíanse”.

7 Tal concepto defínese como a relación de subordinación que existe entre dúas linguas ou dúas culturas (A e B) cando a práctica totalidade dos vínculos que A mantén co resto do mundo se producen a través da visión de B, que non funciona só como transmisora, senón que restrinx e reinterpreta a información segundo as súas propias pautas internas ou os seus intereses.

telán<sup>8</sup>, o que leva implícita a defensa de posicións puristas e proteccionistas<sup>9</sup>, e obriga a desbotar como marca de corrección o enfoque que Jespersen (1925) denominara “democrático”, e caracterizado por establecer como adecuado aquilo que era empregado pola maioría dos falantes.

O terceiro ten como consecuencia que se intente asentar a norma sobre referentes que ofrezan certas garantías de corrección, o que leva a privilexiar o factor que Jespersen etiquetou como “autoridade”.

Estas dúas liñas de actuación (o enfoque purista e a busca de fontes con autoridade) van estar nos fundamentos de todos os dicionarios galegos dos últimos 15 ou 20 anos, con independencia de que estean elaborados desde posicións defensoras da reintegración no portugués ou da autonomía do galego.

Mentres os primeiros toman como padrón de autoridade o portugués estándar, os segundos enfróntanse a unha situación moito máis dificultosa, pois o organismo no que recae a potestade normativa (a Real Academia Galega) non publicou a súa primeira recompilación léxica ata 1990, ano en que dá ó prelo un pequeno dicionario dunhas 10 000 entradas (*Diccionario da lingua galega*). A situación non mudará ata finais de 1997, coa aparición do *Diccionario da Real Academia Galega* (DA), que eleva o seu número de entradas ata as 25 000.

Evidentemente, con este material nin se cubrían nin se cobren as necesidades de referentes de autoridade, tanto polo escaso volume do conxunto como pola recente publicación da segunda obra. Nesas condicións, o traballo que estivo (e está) cumprindo ese papel garanti-dor é o *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (VOLG); un glosario de máis de 45 000 entradas, elaborado no seo do Instituto da Lingua Galega e do que, de modo confeso ou incon-feso beben todos os dicionarios feitos en Galicia desde posicións non reintegracionistas, incluídos os elaborados pola Real Academia Galega. As seguintes citas non deixan lugar para as dúbidas:

Este Dicionario da lingua galega (...) nace, de tódolos xeitos, na atmósfera filolóxica configurada polo saber e polo intelixente facer do Instituto da Lingua Galega. (*Diccionario da lingua galega*, Ed. Ir Indo, 1986, p. 11)

Os autores [na elaboración da primeira edición, de 1986] (...) souberon vencer as dificultades e, seleccionando un léxico de preto de 30 000 palabras –tendo sempre como referencia ortográfica o Vocabulario da lingua galega do I.L.G., daquela aínda inédito– (...) (*Diccionario Xerais da lingua*, Ed. Xerais, 3ª ed., 1990, p. vii)

As formas galegas recollidas no presente dicionario responden ós criterios léxicos e ortográficos da normativa oficial, determinada polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega. (*Diccionario Xerais castelán-galego*, Ed. Xerais, 1990, p. ix)

8 Garvin (1961) destacou entre as metafuncións dos estándares a “separadora”, xa que por medio deles pódese facilitar que unha variedade que antes se vía (ou que corría o perigo de verse) como unha subdivisión doutra, pase a enfrontarse a ela como unha unidade do seu mesmo nivel.

9 En Thomas (1991) sinálase con claridade a importancia do purismo no proceso de estandarización de linguas que intentan emanciparse dunha situación de minorización, sobre todo en casos en que a semellanza formal e estrutural entre a lingua maiorizada e a minorizada é moi forte.

Os escritores máis ilustres da nosa historia nós antepuxemos, como guía e autoridade, os nosos mellores gramáticos e lingüistas contemporáneos e esa é a razón pola que ó longo de todo o dicionario apelamos reiteradamente ó VOLG e ás NOMIG [Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego]. (*Diccionario de dúbidas da lingua galega*, Ed. Galaxia, 1991, p. 16)

f) Seguíronse criterios normativos na selección do léxico, de aí que non figuren termos que aínda sendo usuais se consideran incorrectos ou alleos á normativa do estándar galego actual. (*Diccionario Xerais de sinónimos*, Ed. Xerais, 1995, p. vi)

[O asterisco ante unha palabra] Significa que esa palabra non é considerada correcta pola Real Academia Galega e polo Instituto da Lingua Galega. (*Vieiro. Diccionario didáctico do galego*, Ed. SM, 1995)

As entradas do Dicionario, que foron recollidas do Vocabulario ortográfico da lingua galega cáseque na súa totalidade (...) (*Diccionario de sinónimos*, Ed. Galaxia, 1997)

Sen embargo, e por increíble que pareza se temos en conta a súa importancia na configuración do noso estándar léxico, este traballo non foi editado aínda a través de canles normais, senón que se coñece gracias a unha edición fotocopiada que a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega realizaron no ano 1989, e á que se lle engade como subtítulo o epígrafe “versión provisional”<sup>10</sup>.

Polo tanto, a nosa análise vaise centrar no tratamento que os préstamos recentes reciben nesta obra, a pesar de que o estudio dos calcos (sobre todo dos de significado) resulta case imposible, ó tratarse só dun índice de entradas, e non provocar este tipo de préstamos a aparición dun novo significante na lingua. Ademais, comprobaremos se os postulados sobre os que se artella o VOLG se manteñen no DA, que é o primeiro dicionario normativo de extensión relativamente ampla.

Á hora de extraer o corpus de unidades de traballo partimos da nosa visión persoal da lingua, pois non podíamos empregar ningún dos criterios de selección máis ou menos habituais (vid. Cabré, 1992: 427). Ademais cremos que, tal como afirma M. Correia (no prelo), “o facto de considerarmos una unidade como um neologismo tem sempre um carácter subjetivo, dependendo da intuição linguística de cada falante da comunidade”. Polo tanto, asumimos todos os inconvenientes que se lle poidan apoñer a este método de selección, pero cremos que a mostra, sen pretender en ningún momento ser exhaustiva nin entrar en discusións sobre a pertinencia da presenza ou non dunha determinada unidade, si é abondo representativa no seu conxunto como para poder avalar as conclusións tiradas da súa análise.

10 Esta situación foi obxecto de numerosas críticas; unha das primeiras e das máis explícitas podemos vela en Chacón Calvar e Rodríguez Alonso (1992: 10-11).

### 3. ANÁLISE

Tal como indicamos un pouco máis arriba, o VOLG é un proxecto en proceso de elaboración; polo tanto, desde a difusión da “versión provisional” de 1989, sufriu unha serie de ampliacións e de correccións, moitas delas motivadas polos pequenos axustes a que se sometieron as *Normas ortográficas e morfolóxicas* (NOMIG) na súa edición de 1995, e outras pola propia evolución do léxico galego. Por ese motivo, o material co que nós traballamos, actualizado a finais de 1995, pode presentar certas modificacións, con respecto á versión de 1989.

Dese conxunto extraímos preto de 1.500 préstamos chegados ó galego en distintos momentos, pero todos máis ou menos recentes. Nas páxinas que seguen analizaremos con detalle o tratamento que reciben estas unidades en cada un dos tres seguintes pasos:

- Á hora de decidir se se vai aceptar ou non a integración dun préstamo na norma léxica galega.
- Á hora de optar por un dos procedementos de integración (estranxeirismo, adaptación ou calquera dos dous tipos de calco).
- Á hora de representar eses préstamos no dicionario normativo.

#### 3.1. A admisión de préstamos

Evidentemente, todas as palabras que aparecen nun dicionario normativo adquiren automaticamente o rango de correctas; pero sería unha equivocación intentar aplicar a dedución inversa: que todas as palabras que non aparecen no dicionario normativo son incorrectas. En efecto, o léxico dunha lingua é un inventario infinito e en mutación constante imposible de recoller por completo. O que queremos dicir con isto é que moitas palabras totalmente correctas non van aparecer no VOLG nin no DA por múltiples razóns (por seren demasiado especializadas, por seren moi novas, por estar restrinxidas a unha zona xeográfica moi concreta, etc.).

En consonancia con isto, para intentar determinar cáles son os criterios que permiten que se acepte ou se rexeite un préstamo como denominación dun concepto calquera, é preciso analizar, non qué palabras faltan das obras de referencia, senón cáles se rexeitan de forma explícita, o que nos leva ás seguintes conclusións:

- Os castelanismos son obxecto dun especial proceso de depuración, que afecta tanto ás palabras propias do castelán (*\*andamio*, *\*andén*, *\*chicle*, *\*grifo*, *\*obispo*...) como ás modificacións que nesta lingua sofren os préstamos doutros idiomas, e que despois se transfiren no seu paso ó galego (*\*bolchevique*, *\*champan*, *\*menestra*...) <sup>11</sup>.

11 Estas decisións permítennos ver con claridade de qué xeito o galego emprega o purismo como ferramenta para superar a súa dependencia do castelán, e a interposición desta lingua e da súa maneira de integrar as unidades estranxeiras. Estas medidas non fan outra cousa máis ca aplicar os principios que se indican en ILG / RAG (1995: 10) (“...a normativa debe acoller un galego fiel a si mesmo e limpo de canto de espurio hai in-

Esta depuración realízase restaurando as formas tradicionais galegas en caso de que existan (**billa, bispo, estada...**); ou reelaborando unhas formas propias para o galego baseadas na etimoloxía dos préstamos (**bolxevique, champaña, mines- tra...**) e no exemplo das linguas veciñas (**goma de mascar, plataforma...**).

Só escapan a esta pauta aqueles casos en que a forma castelá se estendeu tamén ás outras linguas próximas –alomenos ó portugués– e o galego non posúe unha denominación propia para tal concepto (**armadillo, cochinilla, esclavina, flotilla, gue- rrilla, ladrillo, pastilla, vainilla...**); ou cando fai referencia a conceptos ou obxectos propios da cultura de expresión castelá (**banderilla, habanera, mantilla, morcilla, pasacalle, plateresco, sainete, tango, xerez, xota...**).

Este tratamento restrictivo dos castelanismos esténdese tamén a aqueles casos que non supoñen a aparición dun novo significante, senón que se incorporan por medio do calco. Por esta razón, desbótanse acepcións de orixe castelá en entradas como **dieta, prancha, pregamento**, etc.

- Os préstamos de calquera outra orixe son admitidos con máis facilidade, en moi- tos casos sen modificar de ningún xeito a grafía se ten un uso consolidado. Sen embargo, observando algunhas das unidades rexeitadas, detéctanse aquí e acolá indicios que apuntan cara a unha liña de actuación máis purista, e que se concreta en medidas como as seguintes:
  - Se existen formas galegas que remitan ó mesmo concepto ca un préstamo, ou a un moi semellante, inténtase revitalizar as primeiras e desaconséllase o uso dos segundos (**\*revancha > desquite, \*mildeu > mera**).
  - Se esas formas galegas non existen, acéptase a incorporación do préstamo pero, nese caso, vaise desbotar o emprego da “importación” en favor da “substitución” xa que as palabras integradas por medio deste segundo procedemento incorpóranse con moita máis naturalidade e facilidade ó estándar léxico. Por esa razón se recomendan, fronte a estranxeirismos ou adaptacións, préstamos por calco (**\*obertura > abertura; \*stres (sic) > tensión**) ou por procedemen- tos de integración algo máis autónomos (**\*feed-back > retroacción; \*melée > loita; \*play-back > son pregravado; \*récord > marca**).
- Tendo en conta os dous puntos anteriores parece evidente que os calcos que se atopan asentados no uso van ser aceptados na norma léxica do galego de xeito case sistemático (**rato, disco duro, sida, baloncesto, autoservicio...**), coa excepción xa anotada dos que proceden do castelán.

---

crustado na fala viva pola presión do castelán. É dicir, a lingua común debe se-lo máis galega posible, establecida sen sometementos nin dependencias...”). Trátase, seguindo as orientacións que ofrece o propio Thomas (1991: 75-83) dun purismo reformista (realiza unha análise racional do léxico existente partindo dun obxectivo modernizador), pero con certos trazos do purismo xenófobo dirixido (intenta eliminar elementos estranxeiros que proceden dunha fonte específica).

Sen embargo, non é difícil detectar a presenza de casos que parecen fundamentarse en criterios, non só distintos senón contrapostos ós tres anteditos. Así, acéptase a presenza de **show**, **jockey** ou **pedigree** aínda que compiten con formas galegas como **espectáculo**, **xinete** ou **raza**; igualmente, os conceptos denominados por **best-seller**, **hobby** ou **stárter** poderían ser representados por medio de significantes galegos como **supervendas**, **afeccións** ou **arranque**, de aplicarmos o mesmo principio purista que leva a postular **tensión** ou **son pregravado**.

Todo este conxunto deixa unha impresión de mestura un algo anárquica de purismo e de permisividade que resulta sorprendente. Parece como se cada préstamo se tratara independentemente, sen que detrás existan unhas pautas estables que regulen a aceptación ou o rexeitamento das unidades estranxeiras e sirvan de marco xeral no que situar as solucións puntuais con todas as súas peculiaridades.

### 3.2. O xeito de integración

Unha vez que se decide que un determinado préstamo debe integrarse no galego, hai que establecer cáal dos mecanismos (o estranxeirismo, a adaptación ou os calcos) debe ser o vehículo dese proceso.

A continuación imos intentar descubrir as pautas que gobernan a elección que se fai para cada caso concreto, analizando o corpus de formas que a norma léxica galega integrou de cada unha destas tres maneiras.

#### 3.2.1. Os estranxeirismos

Se o estranxeirismo é aquel préstamo que conserva íntegro o significante da lingua de procedencia, habería que incluír nesta categoría (polo menos en teoría) casos como **bar** –ing. *bar*–, **bocadillo** –cast. *bocadillo*–, **bus** –ing. *bus*–, **camerino** –it. *camerino*–, **embornal** –cat. *embornal*–, **ensaimada** –cat. *ensaimada*–, **flan** –fr. *flan*–, **granito** –it. *granito*–, **hangar** –fr. *hangar*–, **lunar** –cast. *lunar*–, etc. Son, como vemos, unidades que posúen unha forma orixinal que lles permite integrarse no galego sen ningunha modificación. Esta mesma razón provoca que os falantes deixen de consideralas moi axiña como estrañas ó sistema, e que queden fóra do noso interese, pois non precisan ningunha intervención.

Polo tanto, as que imos analizar son as que se integran no estándar léxico do galego coa grafía ou a pronuncia da lingua orixinal, aínda que sexa estraña ó noso sistema<sup>12</sup>.

Para intentar entender por qué un préstamo se integra mantendo a denominación estranxeira non se pode dar unha listaxe excluín-te de criterios, do tipo “se a palabra designa un con-

12 Neste proceso de integración obsérvanse certos descoidos á hora de aplicarles ás unidades deste corpus as regras acentuais do galego. En efecto, en NOMIG (1995: 26) afirmase que “Os latinismos e as palabras estranxeiras de circulación corrente, aínda que non estean plenamente adaptadas ó galego, seguen as regras de acentuación enunciadas anteriormente.”, o que obriga a colocarlles til a préstamos como **crómlech**, **hándicap**, **náhuatl**, **sándwich**, **sláalom**, **télex** e moitas outros. Nembargantes, formas como **angstrom**, **geyser**, **macadam**, **maxwell**, **modem**, **sponsor**, **starter** ou **yiddish** non cumpren tales prescricións.

cepto pertencente a unha cultura ou unha sociedade concreta, non se adapta”, pois este tipo de pautas xerais están condicionadas por outros criterios de valoración moito máis subxectiva, como son a súa antigüidade no galego ou as dificultades que existen á hora de adaptala.

Trátase, polo tanto, dunha confluencia de factores que inciden en grao diverso sobre cada termo, e que facilitan ou dificultan que se manteña a pronuncia e o significante estranxeiros. Aquí imos destacar catro:

#### *A vinculación cunha cultura ou unha sociedade*

Cando Guilbert (1975: 92) describiu as distintas etapas polas que un préstamo pasa ata ser adoptado como unha palabra propia, chamou “xenismes” a aquelas palabras que denominan obxectos, entidades, principios morais, etc. propios dunha cultura ou dunha sociedade distinta a aquela da que forma parte a lingua que as recibe<sup>13</sup>.

En principio, se tal concepto nin existe nin se vai introducir na sociedade que fala o idioma receptor, o máis normal é que se importe tamén a súa denominación sen ningunha modificación<sup>14</sup>.

Neste fundamento baséanse, na nosa opinión, as decisións tomadas á hora de incluír conceptos como moedas (**kopeck**, **lev**); movementos ou ideoloxías de tipo político ou cultural (**apartheid**, **abertzale**); estruturas político-administrativas, cargos ou títulos (**káiser**, **kibbutz**, **kolkhoz**, **lord**, **maharajah**, **mahatma**, **nabab**, **kamikaze**, **soviet**, **tsar**); comidas e bebidas (**sake**); construcións (**crómlech**, **kremlin**, **mihrab**); conceptos filosófico-relixiosos (**karma**, **trimurti**, **yang**, **yin**), etc.

Agora ben, a aplicación deste principio vai estar matizada pola interferencia doutros factores, como a data de incorporación do préstamo á lingua, a facilidade coa que se pode adaptar ou o feito de que vaia perdendo esa asociación exclusiva cun ámbito determinado, que arrastran as formas emprestadas cara a posturas máis respectuosas co sistema gráfico e fonético do galego.

Así lles ocorre ós préstamos máis antigos ou ós que posúen graffas que se adaptan con moita frecuencia (-sh-, -k-...), como podemos ver con **rublo** -ru. *rubl*- ou **xilin** -ing. *shilling*- (moedas); **aiatolá** -ár. *ayatollah*-, **boiardo** -fr. *boiard*-, **bolxevique** -ru. *bolshevik*-, **burgrave** -al. *Burggraf*-, **can** -tu. *khan*-, **dervixe** -ár. *darwis*-, **escaldo** -al. *Skald*-, **imán** -ár. *imam*-, **menxevique** -ru. *menshevik*- ou **micado** -xap. *mikado*- (cargos políticos, adminis-

13 Tendo en conta este carácter tan exclusivo, desde un punto de vista estritamente metodolóxico cabería a posibilidade de non incluílas dentro dos préstamos, tal como afirma o propio Guilbert (1975: 93) ou Cabré (1992: 170).

14 En realidade, naqueles casos en que un préstamo procede en última instancia dunha lingua que emprega un sistema gráfico distinto do latino, o significante que se conserva intacto non é o orixinal, senón a grafa transliterada con que se espallou polas linguas occidentais, que adoita ser a reprodución aproximada da pronuncia orixinal por medio do alfabeto inglés e, nalgúns casos, do francés.

trativos ou relixiosos); **chacolí** –éus. *txacolin*– ou **cuscús** –ár. *kuskus*– (comidas e bebidas); **cigurat** –ac. *ziggurat*– (construcións) e moitos outros<sup>15</sup>.

*A difusión do préstamo nas linguas do noso arredor*

Cando un concepto que non se asocia con ningún ámbito cultural ou social concreto, como fan os xenismos, se expresa por medio do mesmo significante en todas –ou case todas– as linguas do noso arredor; o lóxico é que a norma léxica do galego lle dea validez á forma xa difundida. Tal proceder é o aconsellado polas *NOMIG* (1995: 10), co fin de buscar a coincidencia denominativa cos idiomas veciños.

As escollas normativas deben ser harmónicas coas das outras linguas, especialmente coas romances en xeral, e coa portuguesa en particular, evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas, tales como a adaptación de cultismos e de terminoloxía científica e técnica.

Esta é a razón de que palabras coma **adagio**, **ángstrom**, **bit**, **copyright**, **coulomb**, **dolmen**, **gauss**, **golf**, **granito**, **hámster**, **hippy**, **hóckey**, **jazz**, **kitsch**, **leitmotiv**, **mass media**, **máxwell**, **módem**, **piano**, **pub**, **rock and roll**, **rugby**, **soprano**, **twist**, **wéber**, **windsurf**, **zoom**, etc. conserven o significante estranxeiro na norma léxica do galego.

De todos modos, a fronteira entre o particular e o internacional nin está ben definida nin é impermeable<sup>16</sup>. Se analizamos os exemplos anteriores poderemos recoñecer facilmente dous tipos de préstamos: os que naceron xa cunha vocación internacional, que cremos que se debe manter (por exemplo as unidades físicas —**ángstrom**, **coulomb**, **gauss**, **máxwell**, **wéber**...—); e os que xurdiron como xenismos, pero alcanzaron difusión xeral ó estenderse o concepto que designaban (**dolmen**, **hippy**, **jazz**, **rugby**, **twist**...).

A norma léxica do galego é especialmente conservadora con este segundo grupo de préstamos que algunhas linguas —o portugués, o catalán, o castelán en menor medida— tenden a adaptar, sempre que con eso no se deforme moito a aparencia do significante.

*O momento da súa chegada ó léxico galego*

Como xa apuntamos e exemplificamos á hora de falar dos xenismos, parece que a antiqüidade dun préstamo na lingua vai ter que ver moito coa maneira en que se produza a súa integración.

- 15 Nembargantes, atopamos casos dificilmente explicables desde coordenadas unicamente intralingüísticas. Así, por exemplo, ¿como explicar que, de catro préstamos do xaponés como **kamikaze**, **karate**, **haraquiri** e **micado**, conserven o -k- precisamente aqueles que están deixando de ser xenismos e están máis difundidos nas linguas veciñas? ¿Non é posible que a forma da integración veña influída polas decisións tomadas en castelán ou en portugués?
- 16 O proceso de internacionalización de préstamos segue en marcha hoxe en día: unidades como **foie-gras**, **nazi**, **pizza** ou **spaghetti** (este último completando a súa integración por medio da forma **espaguetes**) están nun terreo fronteirizo, pois non remiten a unha sociedade e a unha cultura concretas na medida en que o fan, por exemplo, **kibbutz** ou **sake**; pero están igualmente lonxe de casos coma **lapilli**, **big-bang** ou **mezzosoprano**, que non conservan ningunha relación especial coa sociedade que os produciu.

Datos igualmente significativos pódense extraer da observación dos casos en que a norma léxica recorre a vocais de apoio no proceso de integración, tanto no final (**bucle, cobalto, cheque, casete, envite, iate, ponche, tanque...**) como no comezo da palabra (**estai, esterlina...**); se os comparamos con outros semellantes en que non o fai (**debut, complot, fagot, boicot, sándwich, iceberg, slogan, smóking, snob, sprint, stárter, stock...**). Aínda que máis adiante analizaremos con vagar este aspectos, parece evidente que os préstamos chegados máis modernamente ó galego vanse integrar case sempre sen engadir ningún elemento que facilite a súa articulación.

Esta chegada recente na lingua pode estar detrás da integración de formas como **footing, groggy, hobby, jockey, júnior, pedigree, sexy, spónsor, spray, stock** e bastantes outras, mantendo a súa forma estranxeira.

#### *As dificultades para adaptalo*

Outro aspecto que favorece que un préstamo se integre como un estranxeirismo é a constatación de que realizar unha adaptación respectuosa cunha das dúas caras (a fonética ou a grafía) modificaría e deturparía moito a outra.

Por exemplo, se pretenderamos adaptar imitando a pronuncia orixinal palabras como **copyright, playboy, sketch** ou **underground** os resultados (“\*copirrait”, “\*pleiboi”, “\*esquech”, “\*andergraun”) serían, como pouco, sorprendentes para o usuario medio, e provocarían, na nosa opinión, un forte rexeitamento.

Ademais das xa vistas, en casos concretos, poden existir tamén outras razóns que dificulten o tratamento dun préstamo como forma adaptada. Pensamos fundamentalmente en:

- que o préstamo aínda non estabilizara unha pronuncia que adaptar<sup>17</sup>.
- que o préstamo sexa unha unidade monosilábica: calquera modificación que se introduza na aparencia externa de formas como **fan, gag, jazz, off, ring** e outras semellantes supoñería unha modificación moi importante da aparencia da palabra.

#### **3.2.2. As adaptacións**

Neste segundo apartado imos incluír aquelas denominacións que xa se acomodaron ou se están acomodando ás pautas fonéticas, gráficas e morfolóxicas do galego. Son máis de 1000 casos entre os que hai, como é doado supoñer, numerosas diferencias en canto á intensidade da adaptación.

Así rexistramos un espectro de formas que vai, desde aquelas que aínda están empezando a galeguizar a pronuncia (fr. *ballet* [bale] → gal. **ballet** [bale't], ou fr. *fagot* [fago] → gal. **fagot** [fa'ɣot]) ou a grafía (**gneis** —al. *Gneiss*—, **shérif** —ing. *sheriff*—...) e que están moi próximas ós estranxeirismos; ata as que, como dicía Haugen, combinan a importación e a

17 ¿Sobre que pronuncia se basearía a adaptación dun estranxeirismo coma **jockey** ([ˈdʒɔki], [ˈdʒɔkej], [ˈlɔki] ou [ˈlɔkej])? ¿E a de **géyser** ([ˈxejsɛr], [ˈgejsɛr] ou [ˈgiːzə])? ¿E a de **round** ([ˈraʊŋd] ou [ˈrowŋd])?

substitución (neste caso a adaptación e o calco), pois usan morfemas derivativos galegos sobre unha base léxica integrada no idioma por adaptación (**xarreteira** —fr. *jarretière*—, **chauvinismo** —fr. *chauvinisme*—, **reporteiro** —ing. *reporter*—, **laborista** —ing. *labourist*—...).

Entre estes dous extremos atópase a maior parte dos casos que imos estudar, e nos que se intenta achegar palabras estranxeiras ó sistema fono-morfolóxico e gráfico do galego. En cada caso priorizarase o respecto por unha destas vertentes, o que condicionará os cambios que se produzan na outra. Polo tanto, a adaptación achegarase en cada caso a unha destas dúas vías:

- Intentar ser fieis na medida do posible á grafía orixinal, subordinando o respecto pola pronuncia a este obxectivo (**enclave**, **folclore**<sup>18</sup>, **oasis**, **restaurante**, **radar**, **váter**...).
- Intentar reproducir a pronuncia da lingua emprestadora, axeitando a grafía o que sexa preciso (**búmeran**, **clixé**, **fútbol**, **haxix**<sup>19</sup>, **mitin**, **necesar**...), ou modificando tanto o plano gráfico como o fonético (**boicot** —ing. *boycott*—, **chofer** —fr. *chauffeur*—, **estándar** —ing. *standard*—, **ruta** —fr. *route*—...)<sup>20</sup>.

Igual que ocorría cos estranxeirismos, a multitude de factores (lingüísticos e non lingüísticos) que inflúen na adaptación dunha palabra, impide ofrecer unha guía sistemática que nos diga claramente en qué caso apostar pola adaptación priorizadora da grafía e en cál pola da pronuncia. Si é posible, en cambio, determinar dúas tendencias de tipo xeral, que apunten cada unha nunha dirección:

- Se un grafema ou unha combinación de grafemas da palabra estranxeira non é posible no galego ou, sendo posible, representa un son moi afastado do orixinal, a adaptación tende a basearse na reprodución da pronuncia. Vémolo en casos como **xampú** —ing. *shampoo*—, **mitin** —ing. *meeting*—, **lasaña** —it. *lasagna*—; **tallaríns** —it. *taglierini*—; **relé** —fr. *relais*—; **chauffeur** —fr. *chofer*—, etc.
- Se a mesma secuencia gráfica representa na lingua emprestadora e na lingua receptora sons moi próximos, ou se é moi frecuente na fonotáctica galega, é probable que a adaptación se basee na grafía (**charter** —ing. *charter*—, **volframio** —al. *Wolfram*—, **beixe** —fr. *beige*—, **folclore** —ing. *folk-lore*—, **cebú** —fr. *zebu*—, **imán** —ár. *imam*—, etc.)

- 
- 18 Esta palabra, e outras como **boicot**, **windsurf**, **iceberg**, **dolmen**, **bungalow** ou **xersei** sérvennos como exemplo doutro tipo de adaptación, que xa Deroy (1956: 239) incluía como un dos catro xeitos básicos de acomodar a pronuncia dunha palabra estranxeira: aquela que se realiza desprazando os acentos da palabra que se toma emprestada para facelos coincidir coas pautas fonotácticas do idioma en que se vai asentarse.
- 19 A adaptación que nesta palabra se realiza (a transliteración máis habitual é “hashish”) parécenos pouco aconsellable, xa que o galego non admite a presenza do -x- en posición implosiva (Vid. Álvarez, Regueira e Monteagudo, 1986: 31). Unha forma como “haxís” sería menos sistemática pero máis respectuosa coa estrutura do galego.
- 20 Cando unha forma coma *meeting* se adapta en **mitin**, está claro que o elemento que máis se tivo en conta foi a pronuncia inglesa, e que a grafía que resultou está condicionada pola adaptación fonética. E ó revés: que *water* se adapte como **váter** é un caso de preeminencia da grafía que acabou condicionando e deformando a pronuncia orixinal dese préstamo.

Nas páxinas que seguen analizaremos con detalle os aspectos relacionados coa adaptación de préstamos, pero por comodidade explicativa estudiaremos por separado os fenómenos que afectan ás vocais e os que afectan ás consoantes.

#### A adaptación das vocais

A primeira das tendencias arriba mencionadas provoca que se estableza unha relación de correspondencia entre unha serie de secuencias vocálicas francesas e inglesas e outra serie de secuencias galegas debido á proximidade ou á identidade dos sons que representan. Así, é frecuente que aparezan as seguintes equivalencias:

#### GALICISMOS

-ai- ([ɛ]) → -e- ([ɛ]) <sup>21</sup>	<i>biais</i> - <b>biés</b> , <i>fraise</i> - <b>fresa</b> , <i>nécessaire</i> - <b>necesar</b> , <i>relais</i> - <b>relé</b>
-ou- ([u]) → -u- ([u])	<i>bouquet</i> - <b>buqué</b> , <i>couplet</i> - <b>cuplé</b> , <i>carrousel</i> - <b>carrusel</b> , <i>loupe</i> - <b>lupa</b> , <i>sioux</i> - <b>siux</b> , <i>zouave</i> - <b>zuavo</b>
-au- ([o]) → -o- ([o], [ɔ])	<i>chauffeur</i> - <b>chofer</b> , <i>esquimau</i> - <b>esquimó</b> , <i>landau</i> - <b>landó</b> , <i>vol-au-vent</i> - <b>volován</b>
-eu- ([œ]) → -e- ([ɛ], [e])	<i>chauffeur</i> - <b>chofer</b>
-eau- ([ɔ]) → -o- ([ɔ])	<i>fricandeu</i> - <b>fricandó</b> , <i>rondeau</i> - <b>rondó</b>
-ei- ([ɛ]) → -e- ([ɛ])	<i>groseille</i> - <b>grosella</b>
-y- ([i], [j]) → -i- ([i], [j])	<i>vichy</i> - <b>vichí</b> , <i>boyard</i> - <b>boiardo</b>
-em-/en- ([ã]) → -am-/an- ([aŋ]) <sup>22</sup>	<i>ensembler</i> - <b>ensamblar</b> , <i>agrément</i> - <b>agremán</b>
-in- ([ɛ]) → -en- ([ɛŋ])	<i>meringue</i> - <b>merengue</b> , <i>satín</i> - <b>satén</b>

#### ANGLICISMOS

-ee- ([i:], [i]) → -i- ([i])	<i>beefsteak</i> - <b>bisté</b> , <i>yankee</i> - <b>ianqui</b> , <i>meeting</i> - <b>mitin</b> , <i>roastbeef</i> - <b>rosbif</b>
-oo- ([u:], [u]) → -u- ([u])	<i>boomerang</i> - <b>búmeran</b> , <i>football</i> - <b>fútbol</b> , <i>shampoo</i> - <b>xampú</b> , <i>to tattoo</i> - <b>tatuar</b>
-ai- ([ɛi], [ɛə]) → -e- ([ɛ], [e])	<i>cocktail</i> - <b>cóctel</b> , <i>mohair</i> - <b>moher</b>
-ea- ([i:]) → -i- ([i])	<i>leader</i> - <b>líder</b>
-y- ([ai]) → -ai- ([aɪ])	<i>nylon</i> - <b>nailon</b>
-y- ([i:], [j]) → -i- ([i], [j]) <sup>23</sup>	<i>dandy</i> - <b>dandi</b> , <i>yak</i> - <b>iac</b> , <i>yankee</i> - <b>ianqui</b> , <i>yard</i> - <b>iarda</b> , <i>jersey</i> - <b>xersei</b> , <i>penalty</i> - <b>penalti</b>

21 Esta equivalencia non se cumpre cando despois da secuencia -ai- aparece o fonema lateral palatal ([ʎ]), xa que neses casos tampouco o francés emprega o son [ɛ]. Así pois, a adaptación de palabras como *crémaillère*, *chandail*, *faillie* e *maille* produce en galego os galicismos **cremalleira**, **chándal**, **falla** e **mallá**, nos que se combina o peso da grafía co da pronuncia.

22 Esta correspondencia e maila seguinte son menos sistemáticas cás outras que estamos presentando; por eso non é difícil atopar contraexemplos que, en casos semellantes, respectan a grafía e modifican a pronuncia (*assemblée* [asãble] (**assemblea**, *invite* [évít] (**invite**)).

23 Tendo en conta esta equivalencia, non é posible entender por qué o VOLG conserva un anglicismo como **yé-yé** (ing. *yeah-yeah*) que debería integrarse, ben como estranxeirismo (*yeah-yeah*), ben como adaptación completa (*ie-ie*).

A última destas adaptacións (y → i), ademais de aparecer en galicismos e anglicismos, serve para galeguizar préstamos procedentes de linguas que empregan alfabetos non latinos e que, tal como dixemos máis arriba, chegan a nós case sempre a través da lingua que se nos interpón (o castelán) ou, nalgún caso do inglés, francés ou portugués. Nestes idiomas, o -y- é unha das grafías que máis se empregan para adaptar sons próximos articulatoriamente ó [i] polo que, tendo en conta que ese grafema non existe no alfabeto galego, o lóxico é acomodalo como -i-. Préstamos como *ayatollah* → **aiatolá**, *shoyu* → **soia**, *yen* → **ien**, *yoga* → **ioga**, *yo-yo* → **ioió**, etc. son boa proba do que acabamos de dicir.

Nembargantes, para confirmar que as que acabamos de sinalar son unicamente tendencias e non pautas fixas, non vai ser difícil presentar exemplos nos que se mantén a fidelidade á grafía a pesar de que existe esa coincidencia ou proximidade de fonemas. Agora ben, neste caso non é posible agrupalos en liñas sistemáticas, senón que, na nosa opinión, é a peculiar historia de cada préstamo a que xustifica a denominación con que se integrou.

#### GALICISMOS

*chauvinisme* [ʃovinizm] → **chauvinismo** [tʃawβi'nismo]; *fauvisme* [fovism] → **fauvismo** [faw'βismo]; *convoi* [kɔ̃vwa] → **convoi** [kon'βɔj]; *beige* [beʒ] → **beixe** [ˈbejʃe]; *sire* [siʀ] → **sire** [ˈsire]

#### ANGLICISMOS

*kangaroo* [kæŋgəˈruː] → **canguro** [kaŋ'guro]; *cricket* [ˈkrikɪt] → **cricket** [ˈkriket]; *marine* [məˈriːn] → **marine** [maˈrine]; *folk-lore* [ˈfɔːklɔː] → **folclore** [fol'klɔre]

O tipo de adaptacións que imos estudar a continuación están en boa medida esixidas pola propia estrutura do galego, pois intentan resolver o problema que supón a articulación e a conservación dunha serie de sons estraños en posición inicial (s- [s] + consoante) ou final de palabra (-t [t], -d [d], -p [p], -c [k]...), introducindo antes ou despois deles unha vocal non etimolóxica (chamada *vocal de apoio*), o que permitiría a formación dunha nova sílaba.

Este mecanismo de integración non se aplica nin moito menos de forma sistemática, pois en moitos casos a norma opta por manter sen máis as consoantes anómalas (**boicot**, **coñac**, **iac**, **rosbif**, **síux**, **skai**, **talaiot**...), e noutros por eliminalas (**bisté**, **estándar**...). A súa presenza vese favorecida polas seguintes causas:

- A antigüidade do préstamo

Vai ser un factor de importancia decisiva, pois as unidades máis antigas van respectar sempre as pautas fonotácticas do galego, o que converte as vocais de apoio nunha ferramenta de uso frecuente para naturalizar formas estrañas.

**bate** -ing. *bat*-, **bucle** -fr. *boucle*-, **cobalto** -al. *Kobalt*-, **convite** -cat. *convit*-, **escaiola**, -it. *scagliuola*-, **esfumino** -it. *sfummino*-, **estai** -ing. *stay*-, **esterlina** -ing. *sterling*-, **iate** -ing. *yatch*-, **pasaporte** -fr. *passeport*-, **ponche** -ing. *punch*-, **poppe** -ru. *pop*-, **tabardo** -fr. *tabard*-, **tanque** -ing. *tank*-...

- O feito de que a palabra que se toma emprestada remate graficamente en vocal. A presenza dun *-e* mudo na lingua de procedencia vai facilitar enormemente a aparición da vocal de apoio. A tendencia xeral é a empregar *-o-* para as palabras masculinas e *-a-* para as femininas; a pesar de que cada vez en máis casos se intenta manter o *-e-* orixinal.

**blonda** –fr. *blonde*–, **casete** –fr. *cassette*–, **comodoro** –ing. *commodore*–, **comuna** –fr. *commune*–, **coque** –ing. *coke*–, **elite** –fr. *élite*–, **enclave** –fr. *enclave*–, **gripe** –fr. *grippe*–, **nicho** –fr. *niche*–, **pistacho** –fr. *pistache*–, **rifle** –ing. *rifle*–, **suspense** –ing. *suspense*–, **valse** –fr. *valse*–, **vedete** –fr. *vedette*–, **xavelina** –fr. *javeline*–, **xungla** –ing. *jungle*–, **xute** –ing. *jute*–...

Cando ningunha desas dúas condicións se dá, é frecuente ver cómo o respecto pola grafía provoca que os préstamos manteñan sons estraños no proceso de adaptación ou que se integren mantendo a forma estranxeira.

**boicot** –ing. *boycott*–, **coñac** –fr. *cognac*–, **crac** –ing. *crack*–, **crup** –ing. *croup*–, **iceberg** –*iceberg*–, **mamut** –fr. *mammouth*–, **naif** –fr. *naïf*–, **relax** –ing. *relax*–, **shérif** –ing. *sheriff*–, **smóking** [ˈsmɔkiŋ] –ing. *smoking* [ˈsmoukiŋ]–, **squash** [ˈskwaʃ] (ing. *squash* [ˈskwɔʃ])–...

En todos os casos que acabamos de ver o mantemento de combinacións gráficas anómalas vén obrigado polo afán por reproducir a pronuncia orixinal; pero en **ballet**, **cámping**, **complot**, **debut**, **fagot**, **fondant**, **gong**, **ring** ou **tarot**, as consoantes finais son unicamente restos sen correspondencia fonética<sup>24</sup>, polo que estraña aínda máis o feito de que se manteñan.

O peso que exercían certos restos gráficos pode detectarse tamén nalgúns préstamos antigos. O afán por conservar un *-t* ou un *-d* final do francés, unido á necesidade de respectar o sistema fonotáctico galego, provocou que palabras como **bufete** –*buffet*–, **escorbuto** –*scorbut*–, **pasaporte** –*passport*– ou **tabardo** –*tabard*– acabasen desenvolvendo unha vocal de apoio que non necesitarían se se reproducise estrictamente a fonética orixinal.

A tendencia máis significativa de todo o que levamos visto ata o momento é, na nosa opinión, o escaso afán que existe por naturalizar as palabras que chegan ó léxico galego; de feito, renúnciase conscientemente a intervir na súa grafía salvo en contadas excepcións —os grupos vocálicos sistemáticamente adaptados que máis arriba enumeramos— e óptase, ben por integralos mantendo unha aparencia estraña, ben por conservalos como estranxeirismos. Isto supón limitar o recurso ás vocais de apoio (moi empregado en portugués) a casos moi antigos e ben asentados na lingua.

24 Sorprende que nestes exemplos se priorice o respecto pola grafía cando noutros moi similares (e tamén recentes) a norma léxica do galego optou por adaptacións que conxugan o respecto á pronuncia inglesa e á nosa propia fonotáctica (**búmeran** –*boomerang*–, **mitin** –*meeting*–, **pudiv** –*pudding*– ou **xilín** –*shilling*–).

### *A adaptacións das consoantes*

As dúas tendencias xerais que se enunciaron en 2.2, e que favorecían nun caso as adaptacións que priorizaban a grafía e no outro as que priorizaban a pronuncia, van actuar tamén sobre as consoantes. Así, por exemplo:

- A existencia de adaptacións como **xampú** –ing. *shampoo*–, **xeque** –ár. *šaij*– ou **bolxevique** –ru. *bolshevik*– está xustificada ó ser a combinación *-sh-* anómala para o galego.
- A distancia entre o valor fonético da secuencia *-ch-* ([tʃ]) en galego con respecto ó italiano ([k]), provoca que a adaptación de préstamos se faga respectando a pronuncia (**maqueta** –*macchietta*–, **baldaquino** –*baldacchino*–, **marasquino** –*maraschino*–...).
- Se un grafema do idioma de procedencia existe tamén no sistema galego, e nas dúas linguas representa sons moi próximos articulatoriamente, é moi probable que a adaptación respecte a grafía, tal e como ocorre coa inmensa maioría dos galicismos que posúen *-ch-* ([ʃ]) (**chalé** –*chalet*–, **revancha** –*revanche*– **chofer** –*chauffeur*–, **champiñón** –*champignon*–...).
- Se non existe identidade nin na grafía nin na pronuncia, o máis habitual é que se intente respectar este segundo aspecto, identificando o son da lingua orixinal con algún da lingua receptora que estea moi próximo, e facendo depender del a grafía. É o que acontece por exemplo en **beixe** –fr. *beige*–, **xerseí** –ing. *jersey*– **peaxe** –cat. *peatge*–, etc.

A continuación imos presentar unha listaxe das adaptacións consonánticas que se observan con máis frecuencia, pero antes temos que indicar que, igual que ocorría no caso das vocais, non se trata de liñas de aplicación sistemática, senón de tendencias frecuentes, xa que cada palabra vai ter unha serie de particularidades en función da súa orixe, da analoxía con outras formas, da súa antigüidade, etc.

- As consoantes dobres que representan un son igual ou moi próximo ó que representa a consoante simple adoitan reducirse. Isto ocorre tanto ó final da palabra (**boicot** –ing. *boycott*–, **ciclocrós** (ing. *cyclecross*), **gneis** –al. *Gneiss*–, **mandril** (ing. *mandrill*), **motocrós**<sup>25</sup> (ing. *motocross*–, **plexiglás** –*plexiglass*), **shérif** –*she-riff*–...) como no seu interior (**bacará** –fr. *baccara*–, **beladona** –it. *belladonna*–, **neceser** –fr. *nécessaire*–, **tenis** –ing. *tennis*–, **tunel** –ing. *tunnel*–...)
- As grafías que en galego representan o son [k] (o *-c-* de *-c+a*, *o*, *u-* e o *-qu-* de *-qu+e*, *i-*) van ser moi empregadas para adaptar consoantes procedentes de sistemas alleos que representen o mesmo son ou algún moi similar.

25 Non deixa de ser sorprendente que aquí ou en **ciclocrós** se aposte pola adaptación do anglicismo cando por outro lado se defende a integración dun estranxeirismo como **cross**, incluso tendo en conta o que se dixo máis arriba sobre a tendencia a non modificar as unidades monosilábicas.

O *-k-* ou o *-ck-* van ser as que máis veces se substitúen, con independencia do idioma de que se parta: atopámolo en anglicismos (**canguro** *-kangaroo-*, **cóctel** *-cocktail-*, **coque** *-coke-*, **folclore** *-folklore-*, **iac** *-yak-*, **ianqui** *-yankee-*, **tanque** *-tank-*...), en xermanismos (**cobalto** *-Kobalt-*, **mispíquel** *-Misspickel-*, **zinc** *-Zink-*...), basquismos (**euscaldún** *-euskaldun-*), etc.

O mesmo se pode dicir da secuencia *-qua-* do italiano (**acuarela** *-acquarella-*, **cuarteto** *-quartetto-*...), que se modifica para respectar a ortografía galega, que establece que o **-qu-** só se pode combinar co **-e-** e co **-i-**.

O *-ch+e, i-* do italiano tamén se vai cambiar na maioría dos casos (**baldaquino** *-baldacchino-*, **lumaquela** *-lumachella-*, **maqueta** *-macchietta-*, **marasquino** *-maraschino-*...) a pesar de que a secuencia gráfica tamén é habitual en galego. O que ocorre é que, os sons que en cada idioma se lle asocian ([k] en italiano e [tʃ] en galego) están afastados de máis como para permitir unha adaptación baseada na pronuncia.

As consoantes das secuencias **-c+a, o, u-** e **-qu+e, i-** serven tamén para representar no galego ese mesmo son [k] ou outros moi próximos á hora de integrar préstamos que proceden en última instancia de linguas que posúen alfabetos distintos do latino<sup>26</sup>, como o ruso (**balalaica** *-balalaika-*, **catiúsca** *-katiuska-*, **troica** *-troika-*, **ucase** *-ukaz-*), o xaponés (**haraquiri** *-harakiri-*, **micado** *-mikado-*, **quimono** *-kimono-*), o árabe (**cabila** *-qabila-*, **cáfila** *-qafila-*, **cuscús** *-kuskus-*) ou o turco (**astracán** *-Astrakhan-*, **can** *-khan-*).

- A consoante galega **-x-** ([ʃ]) emprégase para adaptar varias grafías que no noso sistema só se poden introducir en estranxeirismos.

A máis importante delas é o *-j-* que representa distintos sons en anglicismos ([dʒ]), galicismos ([ʒ]), catalanismos ([ʒ]) e castelanismos ([x]). Por eso, o galego ten hoxe formas adaptadas como **xersei** *-ing. jersey-*, **xungla** *-ing. jungle-*, **xavelina** *-fr. javeline-*, **xade** *-fr. jade-*, **xamba** *-fr. jambe-*, **xarrete** *-fr. jarret-*; **bosquexar** *-cat. bosquejar-*; **xerez** *-cast. jerez-*, **xota** *-cast. jota-*...

Tamén se cambia a consoante da secuencia *-g+e,i-* ó adaptar palabras francesas (nas que representa un [ʒ]), inglesas ([dʒ], [g]) ou italianas ([dʒ]). Vémolo en **beixe** *-fr. beige-*, **franxa** *-fr. frange-*, **xelea** *-fr. gelée-*, **xendarme** *-fr. gendarme-*; **xibón**<sup>27</sup> *-ing. gibbon-*; **xanízaro** *-it. giannizzero-*, **xirándola** *-it. girandola-*...

26 Xa noutro sitio indicamos que, o que en realidade acomoda o galego ó seu propio sistema gráfico é a transliteración que unha das grandes linguas do noso arredor fixo desa palabra.

27 Curioso caso de adaptación que segue a grafía, por canto a pronuncia inglesa é [ˈɡɪbən], forma que ningunha lingua do noso arredor seguiu. Todas optaron por pronunciar como propio un grafema que non lles era estranho: fr. *gibbon* ([ʒibɔ̃n]) cast. *gibón* ([xiˈβon]) e port. *giba(o)* ([ziˈβawɐ]). O galego non posúe esa secuencia **-gi-** para efectuar a integración.

O *-sh-* ([ʃ]) do inglés vai pasar tamén a *-x-* (**xampú** *-shampoo-*, **xilin** *-shilling-*), igual que lle acontece ó *-tg-* ([tʒ]) do catalán (**peaxe** *-peatge-*).

Así mesmo, recórrase ó *-x-* para adaptar os grafemas *-sh-* e *-s-*, cando estes se empregan para transliterar sons do ruso (**caxemira** *-Kashmir-*; **bolxevique** *-bolshevik-*, **menxevique** *-menshevik-*) ou do árabe (**haxix** *-hašiš-*, **xequé** *-šaij-*, **xerife** *-šarīf-*, **xaque** *-šāh-*) moi próximos ó [ʃ].

- O **-ch-** úsase para substituír o *-tx-* do catalán (**boliche** *-bolitx-*) e do éuscaro (**chabola** *-txabola-*, **chacolí** *-txacolín-*, **chaparro** *-txaparro-*, **chatarra** *-txatarra-*), tendo en conta que as distintas grafías representan nos tres idiomas o mesmo son ([tʃ]).

Tamén se vai recorrer a ese dígrafo para substituír a secuencia *-ci-* do italiano. Igual que vimos un pouco máis arriba ó falar da adaptación de *-ch+e, i-*, volvemos a atopar unha combinación de grafemas existente nos dous idiomas, pero a distancia entre os sons que representa en galego ([θi]) e en italiano ([tʃ]) impide a conservación da grafía e provoca que a adaptación se basee na pronuncia. Así se explican formas como **capuchino** *-capuccino-*, **salchicha** *-salsiccia-*, **facha** *-faccia-* ou **chinela** *-cianella-*.

Pola contra, a proximidade que existe entre os sons [ʃ] do francés e [tʃ] do galego, os dous representados pola grafía **-ch-**, e moi probablemente o influxo do catalán, xustifican que se respecte a grafía e non a pronuncia en casos coma **bechamel** *-béchamel-*, **chalé** *-chalet-*, **chasis** *-chassis-*, **chofer** *-chauffeur-*, **fetiche** *-fétiche-* ou **parche** *-parche-*<sup>28</sup>.

- A secuencia **-c+e, i-** ([θe], [θi]) vai substituír a *-z+e, i-*, independentemente do son que a consoante represente nas distintas linguas: [z] no francés e no alemán e [ts] ou [dz] no italiano. Estamos ante unha adaptación baseada na grafía xa que, en lugar de cambiar o son estranxeiro polo máis semellante do noso sistema ([s] ou [tʃ] respectivamente), o que se fai é empregar o son que o grafema *-z-* simboliza cando a ortografía do galego permite a súa aparición (**-z+a, o, u-**). É así como se chega a **cebú** *-fr. zebu-*, **muecín** *-fr. muezzin-*; **cepelín** *-al. Zeppelin-*, **cinc** *-al. Zink-*; **cíngaro** *-it. zingaro-*, **gaceta** *-it. gazzeta-*, **muceta** *-it. mozzeta-*, etc.
- O **-n** en posición final é a grafía con que o galego representa o son [ŋ] que nos anglicismos aparece como *-ng* (**puclín** *-pudding-* **mitín** *-meeting-*...). Serve así mesmo para reproducir a consoante nasal oclusiva final dos arabismos, que normalmente se translitera como *-m* (**harén** *-harīm-*, **imán** *-imam-*).
- A adaptación que asocia o **-v-** ([b]) co *-w-* ([w]) en anglicismos e xermanismos moi adaptados e de entrada antiga (**vagón** *-ing. wagon-*, **váter** *-ing. water-*, **val-**

28 Con todo, formas como **xefe** *-chef-* ou **clixé** *-cliché-* seguen unha liña oposta e manteñen o son, substituíndo o grafema francés polo correspondente en galego (**-x-**).

**quiria** –al. *Walkyrien*–, **volframio** –al. *Wolfram*–) baséase moito máis na vertente gráfica ca na fonética, xa que unha secuencia **-ua-** no comezo dunha palabra sería estraña para a fonotáctica galega. O **-v-** emprégase tamén para adaptar o **-w-** que aparece nas transliteracións dalgúns arabismos (**dervixe** –*darwiš* **valí** –*wālī*–, **visir** –*wazīr*–).

- Por medio do **-ñ-** adáptase o grupo consonántico **-gn-** ([ɲ]) do francés e do italiano, xa que para nós esa secuencia representa uns sons totalmente distintos ([ɲ]) e só aparece en cultismos. Isto lévanos a galicismos como **coñac** –*cognac*–, **viñeta** –*vignet.e*– ou **champiñón**, –*champignon*–; e a italianismos como **cucaña** –*cucagna*–, **lasaña** –*lasagna*– ou **piñata** –*pignatta*–.
- O **-f-** vai substituír o **-ph-** ([f]) dos préstamos de orixe francesa (**celofán** –*cellophane*–, **orfeón** –*orphéon*–; **panfleto** –*pamphlet*–) así como de cultismos formados por elementos gregos transmitidos a través do inglés (**dictáfono** (*dictaphone*)).
- O **-ll-** substitúe o **-gli-** ([ʎ]) nos italianismos, tendo en conta que ambas secuencias representan o mesmo son, e tendo en conta tamén a distancia fonética que existe entre as secuencias homógrafas do galego e do italiano. Por eso recollemos italianismos como **pallaso** –*pagliaccio*– ou **tallarín** –*taglierini*–.

#### *A combinación da importación e a substitución*

Agrupamos baixo este epígrafe un conxunto de palabras, formadas na lingua de orixe polo menos por un lexema e un morfema derivativo, que se integraron no galego a través dunha combinación dos dous procesos básicos de que falaba Haugen: “importouse” o lexema e “substituíuse” o morfema derivativo. Estaríamos, xa que logo, ante o que el chamaba “loan-blends”.

A pesar de que este autor colocaba este grupo ó mesmo nivel cós “loanwords” e os “loanshifts”, nós optamos por incluílos como un grupo con entidade propia dentro das adaptacións, fundamentalmente por dúas razóns:

- Illamos un número de exemplos pequeno de máis como para poder tirar del conclusións que vaian máis alá do puramente casuístico.
- Na maioría dos casos, a semellanza estrutural e fonética entre a palabra de orixe e o préstamo xa integrado é tan grande que os procesos de importación e de substitución practicamente se superpoñen e se confunden.

Por exemplo, en casos como *croquant* → **crocante** ou *colage* → **colaxe** é imposible determinar se as palabras galegas posúen as secuencias **-ante** e **-axe** como resultado da adaptación de vocais e de consoantes ou da substitución dos sufixos **-ant** e **-age** polos seus equivalentes galegos.

Se a todo isto lle sumamos o feito de non atopar unidades destas características que pertencen ó nivel da frase, ímonos ter que conformar con sinalar (coas limitacións xa anunciadas) os casos que, desde o noso punto de vista, combinan os dous procesos de integración.

## GALICISMOS

-ant	→	-ante	<i>croquant</i> - <b>crocante</b>
-age	→	-axe	<i>bricolage</i> - <b>bricolaxe</b> , <i>collage</i> - <b>colaxe</b>
-erie	→	-ería	<i>bijouterie</i> - <b>bixutería</b>
-et/-ette	→	-ete	<i>jarret</i> - <b>xarrete</b>
-ette	→	-eta	<i>claquette</i> - <b>claqueta</b> , <i>vignette</i> - <b>viñeta</b> , <i>pirouette</i> - <b>pirueta</b>
-ière	→	-eira	<i>jarretière</i> - <b>xarreteira</b>
-isme	→	-ismo	<i>chauvinisme</i> - <b>chauvinismo</b>
-iste	→	-ista	<i>arriviste</i> - <b>arribista</b>
-ot	→	-ote	<i>capot</i> - <b>capote</b>

## ANGLICISMOS

-er	→	-eiro	<i>reporter</i> - <b>reporteiro</b>
-ism	→	-ismo	<i>behaviorism</i> - <b>behaviorismo</b>
-ist	→	-ista	<i>labourist</i> - <b>laborista</b>

Como vemos, este procedemento emprégase case exclusivamente cos préstamos do francés e do inglés, debido á importancia das dúas linguas como produtoras de préstamos, á semellanza formal de francés e galego<sup>29</sup> e á facilidade coa que o inglés acolleu como propios morfemas derivativos de orixe latina.

Con todo, isto non vai ocorrer cada vez que se copia dun idioma próximo a nós unha palabra derivada. En moitos outros casos, o morfema derivativo non se trata como tal, senón como una secuencia fónica máis que se instala por medio da adaptación, ben porque o sufixo non é inmediatamente relacionable con ningún do noso sistema lingüístico, ou por calquera outra razón. Unidades como **agremán** (fr. *agrément*), **assemblea** (fr. *assemblée*), **brigadier** (fr. *brigadier*), **capó** (fr. *capot*), **secreter** (fr. *secrétaire*), **xelea** (fr. *gelée*), **mitin** (ing. *meeting*), **ticket** (ing. *ticket*), **granate** (cat. *granat*), etc. son exemplos do que estamos dicindo.

### 3.2.3 Os calcos

Neste terceiro apartado estudiaremos aqueles préstamos que só incorporan á lingua un concepto novo, en tanto que para a denominación se serven de formas previamente existentes, ben engadindo ese concepto a unha unidade que xa se está empregando (calco de significado), ben creando unha denominación nova por combinación do material léxico da lingua de chegada (calco de esquema).

Este tipo de préstamo é o que menos distorsiona a estrutura do idioma que o acolle, pero tamén o máis difícil de detectar e de evitar naqueles casos en que sexa preciso facelo:

29 A semellanza formal e funcional de certos sufixos de linguas románicas e non románicas (-ism/-ismel/-ismo; -ist/-istel/-ista; etc.) favorece a existencia deste tipo de préstamo; pero, como explica M. Correia (1996) pode provocar tamén "a aparición de adaptacións ou naturalizacións apressadas que acaban por ser verdadeiros monstros na lingua ou linguas de chegada" como por exemplo \***fisicalismo** ou \***performativo**, supostos derivados galegos que non teñen unha raíz nesta lingua.

para descubrir a dependencia que un calco ten dunha lingua estranxeira son precisos coñecementos da lingua de partida e da lingua de chegada que un falante común non ten por qué ter<sup>30</sup>. Pola contra, a procedencia foránea dun estranxeirismo (e incluso dunha adaptación) é bastante máis fácil de determinar.

Agora ben, calcos coma o que acabamos de indicar na nota, nos que os respectivos significantes non teñen ningunha semellanza, son na práctica os menos frecuentes. Moito máis habituais son formas do tipo de **arcobotante** –fr. *arc-boutant*–, **augaforte** –it. *acqua forte*–, **canle** (de radio, televisión...) –ing. *channel*–, etc., nos que o parentesco formal é considerable<sup>31</sup>.

Unha parte moi significativa do corpus sobre o que traballamos (en concreto o VOLG) non permite un estudio relevante dos préstamos por calco, ó non ser máis ca unha lista de entradas baixo a que non aparecen as distintas acepcións.

Nestas condicións só podemos extraer un número aceptable de exemplos do grupo de calcos de esquema formados por composición (**augaforte** –it. *acqua forte*–, **arcobotante** –fr. *arc-boutant*–, **baloncesto** –ing. *basketball*–, **electrochoque** –ing. *electroshock*–...) xa que o traballo tampouco recolle os chegados á lingua baixo forma de frase (pensamos en unidades como **alta sociedade** –ing. *high society*–, **chuvia ácida** –ing. *acid rain*–, **estado de benestar** –ing. *welfare state*–, **operador turístico** –ing. *tour-operator*–, **disco duro** –*hard disk*–, etc. presentes noutros dicionarios e en textos de tipo xornalístico ou divulgativo).

O DA, pola súa parte, xa permite unha análise noutras condicións e, dunha cala superficial das súas páxinas, extraemos unha mostraxe de préstamos como a seguinte:

#### CALCOS DE SIGNIFICADO

á –cast. *ala, alero*–, **barra** (de bar) –ing. *bar*–, **canle** (de televisión) –ing. *channel*–, **celebrar** (como sinónimo de “conmemorar”) –ing. *to celebrate*–, **comiñas** (signo ortográfico) –cast. *comillas*–, **cómoda** (moble) –fr. *commode*–, **contedor** (de mercadorías) –cast. *contenedor*, ing. *container*–, **derrota** –fr. *déroute*–, **hamburguesa** –ing. *hamburger*–, **rato** (informática) –ing. *mouse*–, **vaqueiros** (pantalóns) –cast. *vaqueros*–, etc.

#### CALCOS DE ESQUEMA

**altofalante** –ing. *loud-speaker*–, **arcobotante** –fr. *arc-boutant*–, **augaforte** –it. *acqua forte*–, **autoservicio** –ing. *self-service*–, **baloncesto** –ing. *basketball*–, **disco du-**

30 Por exemplo, para poder escoller a denominación **rato** para o “Dispositivo manual que permite localizar na pantalla un punto e actuar sobre el...”, é preciso saber que en inglés a palabra *mouse* posúe tamén a acepción de “Pequeno mamífero roedor, de cor gris ou parda...”.

31 A semellanza gráfica entre palabras de distintas linguas pode provocar procesos de préstamo superfluos que, desde unha lingua como o galego deben verse con moitas reservas. Así por exemplo, estase facendo habitual o uso do substantivo **literatura** coa mesma acepción do substantivo inglés *literature* (‘relación de obras’), esquecendo que **bibliografía** ten exactamente ese mesmo significado. As parellas de palabras que (como “literature” e “literatura” pertencen a distintas linguas e teñen semellanza gráfica pero acepcións distintas reciben o nome de “falsos amigos”.

ro –*hard disk*–, **electrochoque** –ing. *electroshock*–, **fuel óleo** –ing. *fuel oil*–, **gasóleo** –ing. *gas oil*–, **pasodobre** –cast. *pasodoble*–, **rañaceos** –ing. *sky-scraper*–, **sida** –ing. *aids*–, etc.

Destes exemplos podemos deducir que nese dicionario só se propón a integración por medio do calco naqueles casos en que a lingua por si mesma optou por este procedemento, postura máis conservadora cá que se pode observar noutros traballos lexicográficos máis antigos (como o *Diccionario de dúbidas da lingua galega*), que formulan propostas máis arriscadas (p. ex. **polo acuático** –ing. *water-polo*– ou **surf a vela** –ing. *windsurf*–) e baseadas en principios máis puristas (o uso do calco como medio de limitar a entrada de préstamos por importación).

Sen embargo, en casos puntuais, as dúas obras normativas (VOLG e DA) optan tamén por esa liña máis purista, tal como puxemos de manifesto en 3.1 (**obertura** > **abertura**; \***stres** (*sic*) > **tensión**; **feed-back** > **retroacción**; \***melée** > **loita**; \***play-back** > **son pregravado**; \***récord** > **marca**, etc.).

Outra característica que nos chama poderosamente a atención do tratamento dos calcos no DA é a excesiva permisividade con que, desde o noso punto de vista, se aceptan calcos semánticos do castelán. Se analizamos por exemplo o léxico xurídico-administrativo (probablemente a área léxica especializada máis e mellor estudada nos últimos 15 anos) podemos comprobar cómo o DA inclúe acepcións que, segundo outros traballos (*Manual de linguaxe administrativa, Léxico da administración castelán-galego*), algún deles avalado pola propia Real Academia Galega, era necesario evitar debido á súa orixe castelá. Unhas calas nesta área, que non pretenden ser exhaustivas, descóbrennos case vinte destes exemplos, algúns dos cales indicamos a continuación:

- **Anchura** engade á acepción de ‘amplitude, extensión’, o significado de ‘a dimensión menor por oposición á maior ou lonxitude [dun corpo de dúas dimensións]’ (“O terreo ten máis anchura no fondal”). Antes do DA, para ese significado recomendábase **largura**, e desbotábase **anchura** por ser castelanismo superfluo<sup>32</sup>.
- Algo semellante ocorría con **aparato**, que non posuía a acepción de ‘obxecto, mecánico ou non, constituído por varias pezas combinadas para executar un traballo ou realizar unha función’ (“O ventilador é un aparato para dar aire.”) nin a de ‘conxunto de órganos que nos animais e plantas concorren para a realización dunha determinada función’ (“O aparato dixestivo.”). Para estas dúas recomendábase en exclusiva **aparello**, pero o DA prescribe que tanto esta palabra como **aparato** son sinónimos nesas acepcións.
- Admítase na norma léxica galega **ingresos** como denominación do concepto ‘cantidade que alguén percibe regularmente’ (“Os ingresos deste ano superaron os do

32 Evidentemente, a partir de agora **largo** e **ancho** poden funcionar como sinónimos.

anterior nun cinco por cento.”), para a que anteriormente se prescribía **remuneración** ou **ganancias**<sup>33</sup>.

### 3.3. A presentación dos préstamos no *Diccionario da Academia*

O terceiro aspecto que nos interesa tratar entra xa no terreo do puramente lexicográfico: queremos ver se o DA ofrece dos préstamos a mesma información ca de calquera outra entrada, ou se estas unidades van recibir algún tratamento específico en función das súas características particulares. As informacións que con máis frecuencia adoitan ofrecer os dicionarios son a reprodución da pronuncia e a mención da lingua de procedencia.

Nin na “Introducción” nin na “Guía para a consulta” do DA atopamos ningún apartado específico que achegue información sobre a presentación dos neoloxismos de préstamo. Só no segundo deles (p. XI) se indica que “en caso de graffías bifenemáticas, neoloxismos e palabras homógrafas ou case homógrafas aparece a información fonética entre corchetes ([ ]), inmediatamente despois da entrada”; o que se exemplifica coa palabra **jockey**<sup>34</sup>.

Se rastrexamos no texto as palabras que se acompañan con transcripción fonética completa<sup>35</sup> decatámonos de que non son tanto “neoloxismos”, como “estranxeirismos” (ou en todo caso estranxeirismos neolóxicos). Pero deixando de lado a confusión denominativa, o realmente destacable é que a información fonética non se inclúe de xeito sistemático en todos eles, pois en entradas como **apartheid**, **best-seller**, **copyright**, **hippy**, **pub**, **shérif**, **show**, **underground** ou **windsurf** non aparece.

Unha vez máis atopamos con criterios que non se aplican de forma sistemática a unidades que cumpren unhas determinadas características, un problema que, neste caso concreto, pode crear en certos usuarios dúbidas que doutro xeito nin se formularían, do tipo “¿Por que para certas palabras se recomenda a pronuncia e para outras non?” “¿Como se pronuncian os estranxeirismos dos que non se ofrece información fonética? ¿Como se foran secuencias galegas, igual que ocorre coas adaptacións?).

33 Outras palabras para as que tamén se admiten acepcións ou esquemas sintácticos coincidentes co castelán, e que as obras mencionadas rexeitaban son: **contemplar**, coa acepción de ‘considerar’ (“Hai que contemplar tamén esa hipótese.”); **convocar**, con complemento directo de cousa e non de persoa (“Convocar eleccións.”), **crédito**, como sinónimo de ‘creto’ (“O que dis non merece crédito”), **cursar**, como sinónimo de ‘tramitar’ ou ‘transmitir’ (“Cursar unha orde.”), **dictaminar**, como verbo transitivo (“O tribunal non dictaminou nada sobre este asunto.”), **impoñer**, coa acepción de ‘depositar cartos nun banco’ (“Impuxo unha boa suma de diñeiro na súa conta bancaria.”), **informar**, como sinónimo de ‘emitir un informe’ (“A comisión non informará antes de dúas semanas”), **ingresar**, coa acepción de ‘depositar cartos nun banco’ (“Quero ingresar cincuenta mil pesetas.”), **parte**, como substantivo masculino e sinónimo de ‘comunicado’ (“Un parte de guerra.”), **ponderar**, como sinónimo de ‘encarecer’ (“Ponderou o valor da obra.”) ou **urxir**, como verbo transitivo (“O seu estado crítico urxía unha intervención rápida.”).

34 Os problemas que sinalamos noutros lugares con respecto á acentuación gráfica dos estranxeirismos seguen vixentes neste traballo. (Cfr. **geyser** ou **jockey** con **júnior** ou **hóckey**, por exemplo).

35 As transcripcións aparecen nas entradas **adagio**, **ballet**, **geyser**, **hándicap**, **hobby**, **hóckey**, **jazz**, **jockey**, **júnior**, **maharajah**, **pedigree**, **sándwich**, **smóking** e **squash**.

Á parte dos problemas que supón a falta de sistematicidade, a presenza de transcrisións fonéticas nos estranxeirismos parécenos de utilidade máis ca dubidosa, se temos en conta tres cuestións:

1. ¿Que pronuncia se debe recomendar para os préstamos que aínda non posúen unha forma estable no uso?

O feito de que en **geyser** se ofrezan dúas transcrisións ([ˈgejser], [ˈgi:zə]) é un recoñecemento desta inestabilidade. Pero poderíanse ofrecer máis exemplos: ¿cal sería a pronuncia máis habitual de **ballet** ([baˈlɛ] ou [baˈlɛt])? ¿E a de **hóckey** ([ˈhoki] ou [ˈhokei])?

2. A opción que se escolle (propoñer case sistematicamente a pronuncia da lingua orixinal ou unha moi semellante) non nos parece a máis aconsellable, pois podería pensarse que se recomenda empregar sons estranxeiros nalgún caso dificilmente articulables para un galegofalante, o que dificulta aínda máis unha futura naturalización gráfica e fonética dos estranxeirismos?

Por exemplo, a pronuncia habitual de **hándicap** en galego non posúe en ningún caso as vocais palatalizadas ([æ]) que aparecen na transcrisión do DA ([ˈhændikæp]).

3. Se pensamos nos potenciais usuarios do dicionario, en principio non-especialistas, ¿non lles sería máis útil unha reprodución aproximada da pronuncia máis habitual antes ca unha transcrisión fonética que en moitos casos non serán quen de descodificar?

Como xa indicamos, outros dicionarios destacan os préstamos por medio da indicación da lingua da que proceden<sup>36</sup>. O DA non ofrece información deste tipo, agás na entrada **pub**, que no apartado “Observacións” indica a orixe da denominación.

**pub** s. m. (pl **pubs**) Establecemento público propio dos países anglosaxóns, onde se serven bebidas alcólicas e, por extensión, establecemento público doutros países, de horario nocturno, para tomar copas e escoitar música. *Obs.* É un *anglicismo non asentado aínda na lingua*. O pub desta rúa abre a partir das oito.  
(A cursiva é nosa.)

#### 4. CONCLUSIÓN

Despois de analizar con bastante detalle as tres etapas do proceso de tratamento dos préstamos (a aceptación, a forma de integración e a representación lexicográfica) queremos rematar sinalando as dúas ideas principais que desta análise podemos deducir:

36 É a decisión que se adopta no *Diccionari del Institut d'Estudis Catalans*, que indica a procedencia só dos estranxeirismos, o que é “un complement d'informació i d'un senyal que indica que la fonètica de la unitat és encara vacil·lant, i que serà el temps el factor que establitzarà la seva forma fonètica” (Cabrè, 1994a: 57).

- Detectamos unha falta de sistematicidade no tratamento dos préstamos, probablemente porque en ningún momento se viron como un conxunto único ó que era necesario aplicarlle un tratamento homoxéneo. Aínda que si se poden percibir unhas poucas ideas moi xerais, dá a impresión de que cada préstamo foi analizado e integrado no estándar léxico do galego segundo unhas pautas particulares que non se aplicaron en casos moi semellantes a el.  
Esta falta de sistematicidade abrangue todas as etapas do proceso: desde o momento en que uns préstamos se aceptan dentro da norma e outros non, ata a escolla dun procedemento de integración ou doutro (e dentro de aquí, dunha liña máis pegada á fonética ou á grafía), para rematar na plasmación de todas as decisións nun produto final como é o dicionario.
- Parece que a norma léxica galega apunta en xeral a unha liña moi pouco arriscada e nada innovadora no terreo do préstamo. Ademais das reticencias lóxicas con respecto ós castelanismos (que nalgúns casos aínda nos parecen poucas, como acabamos de indicar falando dos calcos), observamos unha tendencia pouco favorable á naturalización, como o demostra o feito de que se conserven como estranxeirismos préstamos que no seu uso habitual están totalmente adaptados, e que se consideran palabras galegas a todos os efectos (**sexy, groggy, póker, smó-king, spray...**).

Persoalmente, consideramos un labor urxente a elaboración duns criterios de tratamento de préstamos que, aplicando os principios xerais que se indican nas NOMIG, artellen unhas liñas de traballo que dean coherencia ás intervencións particulares que se fan sobre o léxico.

Creemos tamén que eses criterios deberían optar con máis valentía pola naturalización dos préstamos que están abondo asentados na lingua, que presentan unha forma estable ou foron recollidos nalgún caso en traballos lexicográficos<sup>37</sup>, sobre todo cando é a liña de tratamento que, como indica García Yebra (1982: 337), vén seguindo o portugués.

El castellano fue en otros tiempos una lengua muy hospitalaria, que acogía con facilidad palabras extranjeras, pero las naturalizaba, es decir, las transformaba de acuerdo con su propia estructura. Hoy los sectores más sensibles y responsables entre los hispanohablantes oponen resistencia al extranjerismo. Y cuando lo aceptan, suelen contentarse con transcribirlo, sin adaptación de ninguna clase. No puede compararse hoy el español con el inglés o el rumano en cuanto a la disposición acogedora de palabras foráneas; ni con el portugués, sobre todo en su variedad brasileña, en cuanto a capacidad naturalizadora.

37 Concordamos moito máis coa postura que se defende en Fernández Salgado (1991), que propón formas adaptadas para moitos exemplos que a norma segue mantendo como estranxeirismos (“sexi”, “grogui”, “póquer”, “esmóquin”, “esprai”, etc.)

**BIBLIOGRAFÍA**

- ALCÁZAR VARÓ, E. e M. A. MARTÍNEZ LINARES (1997): *Diccionario de lingüística moderna*, Barcelona: Ariel.
- ÁLVAREZ, R. X. L. REGUEIRA e X. H. MONTEAGUDO (1986): *Gramática galega*, Vigo: Xerais.
- ALVES, I. M. (1996a): “O conceito de neologia: da descrição lexical à planificação lingüística”, *Alfa* 40, pp. 11-16.
- ALVES, I. M. (1996b): “Projeto de Política Neológica para o Português do Brasil”, *Revista internacional da Língua Portuguesa* 15, pp. 53-67.
- ARACIL, V. (1983): “Sobre la situación minoritaria”, in *Dir la realitat*, Barcelona: Països Catalans, pp. 171-206.
- ARES VÁZQUEZ, M. C. et alii (1986): *Diccionario Xerais da lingua*, Vigo: Xerais. (Consultado pola 3ª edición, de 1990).
- BOULANGER, J. C. (1989): “L’evolution du concept de ‘neologie’ de la linguistique aux industries de la langue”, in C. de Schaetzen, C. de: *Terminologie diachronique*, Paris: CILF, pp. 193-211. (Citado por Cabré, 1992).
- BOULLÓN AGRELO, A. I. (coord.) (1991): *Léxico da administración castelán-galego*, A Coruña / Santiago: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- CABRÉ, M. T. (1992): *La terminologia. La teoria, els mètodes, les aplicacions*, Barcelona: Empúries
- CABRÉ, M. T. (1994a): “Sobre manlleus i diccionaris”, in *Estudis de lingüística i filologia oferts a Antoni M. Badia i Margarit*, Barcelona: Publicacions de l’Abadia de Montserrat, pp. 39-61.
- CABRÉ, M. T. (1994b): “Autour de la norme lexicale”, in P. Martel et J. Maurais (edit.): *Langues et sociétés en contact*, Tübingen: Niemeyer, pp. 351-361.
- CASTRO MACIÁ, L. (1995): *Diccionario Xerais de sinónimos, termos afíns e contrarios*, Vigo: Xerais
- CLAVERÍA, G. e J. TORRUELA, (1993): “Formación de términos en los léxicos especializados en lengua española”, in J. C. Sager: *Curso práctico para el procesamiento de la terminología*, Madrid: Fundación Sánchez Ruipérez, pp. 335-340.
- CORREIA, M. (1996): “Solução de dificuldades linguísticas devidas à influência de outras línguas” (relatório), in V Simpósio Ibero-Americano de Terminologia, Cidade de México.
- CORREIA, M. (no prelo): “Neologia e Terminologia”, in M. H. Mira Mateus e M. Correia (coord.): *Terminologia: questões teóricas, métodos e projectos*. Lisboa: Publicações Europa-América.

- CHACÓN CALVAR, R. e M. RODRÍGUEZ ALONSO (1992): *Diccionario crítico de dúbidas e erros*, Sada-A Coruña: Ed. do Castro
- DEPECKER, L. (1995): “Les commisions ministeriales de terminologie en France comme exemple d’amenagement terminologique: le choix des concepts et des désignations”, in *Terminometro: La terminologie en France*, Hors-série 1.
- DEROY, L. (1956): *L’emprunt linguistique*, Paris: Les Belles Lettres.
- DUCKWORTH, D. (1977): “Zur terminologischen und systematischen Grundlage der Forschung auf dem Gebiet der englisch-deutschen Interferenz: Kritische Übersicht und neuer Vorschlag”, in H. Kolb, e H. Lauffer (edit.): *Sprachliche Interferenz*, Festschrift für Werner Betz zum 65. Geburtstag, Tübingen: Niemeyer, pp. 36-56. (Citado por Kiesler, 1993).
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M. e M. RODRÍGUEZ NEIRA (coord.) (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia. Compendio do III volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*, A Coruña: Real Academia Galega, Seminario de Sociolingüística.
- FERNÁNDEZ SALGADO, B. (coord.) (1991): *Diccionario de dúbidas da lingua galega*, Vigo: Xerais.
- GARCÍA, C. (dir.) (1990): *Diccionario da lingua galega*, A Coruña / Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- GARCÍA, C. e M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*, A Coruña: Real Academia Galega.
- GARCÍA CANCELA, X. e C. L. DÍAZ ABRAIRA (1991): *Manual de linguaxe administrativa*, Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública.
- GARCÍA YEBRA, V. (1982): *Teoría y práctica de la traducción*, Madrid: Gredos.
- GARVIN, P. (1964): “The standard language problem: concepts and methods”, in *On Linguistic Method. Selected Papers*, Mouton: The Hague, pp. 153-58.
- GUILBERT, L. (1975): *La créativité lexicale*, Paris, Larousse.
- GUTIÉRREZ RODILLA, B. (1995): “Terminología, lenguaje y pensamiento científico” (relatorio), Curso de verán La Terminología en las Lenguas de España, Santander: Univ. Internacional Menéndez Pelayo.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1989): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Versión provisional, (texto policopiado): Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.

- JESPERSEN, O. (1925): *Menneskehed, Nasion og Individ i Sproget*, Oslo. (Traducción catalana de 1969: *La llengua en la humanitat, la nació i l'individu*, Barcelona: Ed. 62.) (Citado por Cabre, 1994b).
- KIESLER, R. (1993): "La tipología de los préstamos lingüísticos: no sólo un problema de terminología", *Zeitschrift für Romanische Philologie* 109, 5/6, pp. 505-526.
- MALDONADO GONZÁLEZ, C. (dir.) (1995): *Vieiro. Diccionario didáctico do galego*, Madrid: Ed. SM
- NAVAZA BLANCO, G. (coord.) (1990): *Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos*, Vigo: Xerais
- NOJA CAMPOS, M<sup>a</sup> C., X. M<sup>a</sup> GÓMEZ CLEMENTE e P. BENAVENTE JAREÑO (coord.) (1997): *Diccionario de sinónimos da lingua galega*, Vigo: Galaxia
- PERGNIER, M. (1989): *Les anglicismes*, Paris: PUF.
- Termcat (1990): *Manlleus i calcs lingüístics en els treballs de terminologia catalana*, Barcelona: Termcat.
- THOMAS, G. (1991): *Linguistic Purism*, London & New York: Longman.
- WEINREICH, U. (1953): *Languages in contact*, New York: Linguistics Circle of New York. (Traducción castelá de 1974: *Lenguas en contacto*, Venezuela: Universidad Central).